

PROGRAMA

Día 16

17.00h. APERTURA DAS XVII XORNADAS.

17.30h: MARÍA CASADO:
Bioética e dereitos humanos

19.00h.: Descanso

19.30h.: XAVIER PASTOR:
2048: mares baleiros.

21.00h.: Final.

Día 17

17.00h.: PABLO DE LORA DELTORO:
Procreación, beneficencia e non-maleficencia

18.30h.: Descanso

19.00h.: MIGUEL FERRER:
A crise da biodiversidade:
o home e outras especies ameazadas

20.30h.: Final.

Día 18

17.00h.: JESÚS MOSTERÍN:
Bioética e investigación científica

18.30h.: Descanso

19.00h.: JAVIER SÁDABA:
Bioética, inmigración e mestizaxe

20.30h. Final.

Día 19

17.00h.: RICARDO GUERRERO:
A teoría Gaia:
bases científicas e implicacións éticas

18.30h.: Descanso

19.30h: VICTORIA CAMPS:
O principio de autonomía
e as súas perversións

21.00h.: CLAUSURA



JAVIER SÁDABA GARAY

Naceu en Portugalete (Biscaia) e realizou estudos de Teoloxía en Roma. Estudou Filosofía nas universidades de Tübingen (Alemaña), Columbia (Nova York, EEUU) e Oxford e Cambridge (Reino Unido). É catedrático de Ética na Universidade Autónoma de Madrid. Publicou numerosos ensaios e a súa firma aparece con frecuencia en diversos medios de comunicación.

MARIA CASADO



Doutora en Dereito. Profesora Titular de Filosofía do Dereito, Moral e Política na Universitat de Barcelona. Directora do Centro de Investigación Observatori de Bioética i Dret, Parc Científic de Barcelona. UB. Presidenta da Associació de Bioética i Dret. Coordinadora da Rede temática Bioética e dereitos humanos, da Generalitat de Catalunya (DURSI) e da Rede para o ensino conxunto da Bioética, da Unión Europea.

MIGUEL FERRER



Nacido en Sevilla. Doutor en ecoloxía en 1990. Investigador do CSIC na Estación Biolóxica de Doñana desde 1993. Director da Estación Biolóxica de 1996 a 2000. A súa actividade científica estivo centrada na ecoloxía e nos vertebrados, na bioloxía da conservación e dinámica de poboacións. Especialista en aves de presa e en concreto da aguia imperial ibérica.

JESÚS MOSTERÍN



Filósofo. Profesor de Investigación no Instituto de Filosofía do CSIC (Madrid). Catedrático de Lóxica e Filosofía da Ciencia na Universidade de Barcelona. Profesor invitado en Sant Petersburg (Rusia), Kyoto (Xapón), UNAM (México), Pittsburgh, Stanford e MIT (USA). Membro titular do Institut International de Philosophie, da Academia Europea, Vicepresidente da International Academy of Philosophy of Science, fellow do Center for Philosophy of Science (Pittsburgh).

Estas xornadas están homologadas con 20 horas pola dirección xeral de Ordenación e Innovación da Consellería de Educación e O.U.

Xornadas gratuítas e abertas ó público

Inscrición:

Mediante correo electrónico: xornadasaletheia@yahoo.es

Mediante correo postal: apartado de correos 5350. Vigo

PABLO DE LORA DELTORO

Profesor Titular na área de Filosofía do Dereito, no departamento de Dereito Público e Filosofía Xurídica, da Facultade de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid. Membro do proxecto de investigación "Dereitos, xustiza e globalización", SEJ 2005-08885/JURI. Membro do proxecto de investigación, "Os dereitos: entre a teoría xurídica e a filosofía política", do Programa Sectorial de Promoción Xeral do Coñecemento da Dirección Xeral de Ensino Superior.

RICARDO GUERRERO

Catedrático de Microbioloxía da Universidade de Barcelona e Adjunt Professor da University of Massachusetts-Amherst. Membro e actual secretario científico do Institut d'Estudis Catalans. Fellow da Linnean Society de Londres e da American Academy of Microbiology. Presidente da Fundación Alsina i Bofill. Presidente da Sociedade Española de Microbioloxía. Foi presidente da Sociedade Catalá de Bioloxía, vicepresidente fundador da Sociedade Española de Biotecnoloxía, e actualmente dirixe a revista International Microbiology, da Sociedade Española de Microbioloxía.

VICTORIA CAMPS

Catedrática de Filosofía moral e política na Universidade Autónoma de Barcelona. Senadora independente polo PSC-PSOE, de 1993 a 1996. Nese período presidiu a Comisión de contidos televisivos. Presidenta da Fundación Víctor Grifols i Lucas, dedicada á investigación e promoción da bioética. Conselleira do Consello Audiovisual de Cataluña desde 2002. Presidenta do Comité Consultivo de Bioética da Generalitat de Cataluña.

XAVIER PASTOR

Director de Oceana en Europa. Licenciado en Ciencias Biolóxicas, na especialidade de Zooloxía, pola Universidade Central de Barcelona. Fundou Greenpeace España en 1984, na que ocupou o cargo de Director Executivo durante máis de 15 anos. Premio Nacional de Medio Ambiente no 2002. Desenvolveu en Centroamérica o proxecto Mar Viva para vixilancia e control de pesca ilegal. Actualmente dirixe a organización Oceana en Europa, dedicada á investigación para a recuperación e protección dos océanos.

Fundación Caixa Galicia.

Rúa Policarpo Sanz, 21. VIGO.

DATAS: 16, 17, 18 e 19 de outubro de 2007.



Concello de Vigo

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

ORGANIZA



Grupo
ALETHEIA.Vigo

XVII XORNADAS DE FILOSOFÍA



"Ecoloxía e bioética"